



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.

### DECANOS/DIRECTORES

Alonso Bacigalupe, Luis  
Collazo Fernández, Antonio  
Garrote Velasco, Gil  
Gómez Fraiz, Santiago  
Pillado González, Esther  
Reboreda Morillo, Susana  
Romo Pérez, Vicente

### PDI-A

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Collazo Fernández, Antonio  
Llamas Nistal Martín  
Meana Martínez Juan Carlos  
Pardo Froján, Juan E.  
Pérez Cota Manuel  
Pino García, Antonio  
Reigosa Roger Manuel Joaquín  
Vaquero Díaz M<sup>a</sup> Beatriz

### PDI-B

González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES

Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela  
Moldes Pita, Óscar  
Rivera González, Paula

### PAS

Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico A.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Castro Cerceda M<sup>a</sup> Luisa  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Fernández Prieto, Marta  
Formella, Arno  
García-Pintos Escuder Adela  
García Señorán, María del Mar  
González Jorge, Higinio  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Rivo López Elena  
Rodríguez Martínez, Fco. Javier  
Rubio Armesto, Belén  
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 23 de maio de 2018, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

Ás 10:30 h do día **23 de maio de 2018** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 21 de marzo de 2018.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2017.
4. Aprobación, se procede, de varias solicitudes de incorporación con cargo a remanente de libre disposición do exercicio 2017.
5. Aprobación, se procede, da normativa que regula a utilización de tarxetas de débito como medio de pago.
6. Aprobación, se procede, da/s prórroga/s de contrato de profesorado emérito.
7. Aprobación, se procede, da/s solicitude/s de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e Innovación.
8. Aprobación, se procede, da data na que se debe computar a condición de profesorado contratado doutor para a selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular de universidade no ano 2017.
9. Aprobación, se procede, do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia –SUG- sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG, Curso 2018-2019.
10. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Luis Miguel Muleiro Parada contra o acordo do Consello de Goberno de 21 de marzo de 2018 sobre selección de áreas de coñecemento para concorrer a prazas de profesor titular de universidade de 2017.
11. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Fernando Pérez Fontán e Francisco Javier Fraile Peláez contra o acordo de 21 de marzo de 2018 do Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions aprobando un procedemento de elaboración do Plan de Ordenación Docente.

12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o financiamento da agrupacións estratéxicas de investigación.

13. Rogos e preguntas.

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 21 de marzo de 2018.**

O reitor dá conta da presentación dunha alegación á acta por parte do profesor Martín Llamas en relación coa súa intervención no punto 10. Foi corrixida a redacción e subida novamente á documentación do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento a acta.

### **2. Informe do reitor.**

Comeza o reitor destacando que o máis salientable antes do último Consello de Goberno da lexislatura foi a realización das eleccións a reitor/a e a Claustro universitario no mes de abril polo que compre dar os parabéns de novo reitor elixido pola comunidade universitaria o profesor Reigosa, ausente nese momento, e ao seu equipo. Traslada a todos eles os mellores desexos do Consello de Goberno.

Manifesta a continuación o fondo pesar de toda a comunidade polo recente pasamento da profesora asociada da Facultade de Belas Artes Berta Álvarez Cáccamo, unha gran artista que fora recoñecida no ano 2017 co Premio da Cultura Galega de Artes Plásticas. Destaca a colaboración de esta profesora xunto co resto do profesorado desta Facultade, para que este centro sexa considerado como centro de referencia da arte contemporánea galega, recoñecemento realizado polo xurado do XII Premios Pontevedreses que outorgaron este galardón a Facultade de Belas Artes na categoría de universidade e investigación, que serán entregados o 7 de xuño.

Lembra a continuación o reitor o acto de presentación en sociedade do Vigo tecnolóxico xunto coa homenaxe realizada ao profesor José Antonio Vilán, o pasado día 16. Neste acto, no que se deu a coñecer este campus de especialización, que agrupa a máis de 600 investigadoras e investigadores da Universidade de Vigo que desenvolven a súa actividade nos centros Cinbio, AtlanTic e na agrupación estratéxica Inex, entregóuselle a insignia de ouro da Universidade a este querido profesor que, sen dúbida foi o gran impulsor deste proxecto.

Da conta tamén da sinatura a principios de mes do convenio de colaboración anual coa Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural, dotado con 220.000 euros, que contempla a convocatoria o vindeiro curso académico dunha nova edición das bolsas de mobilidade Ourense Exterior. Realizouse tamén a presentación da publicación Memoria 2014-2018 Campus de Ourense-Campus da Auga, na que se fixo balance da execución deste proxecto de especialización.

Destaca tamén a posta en marcha do programa IREI, Inspirando ás Rapazas para Estudiar Enxeñería. Nesta iniciativa, a Universidade de Vigo segue os pasos de Inspira Steam, implantada hai dous anos na Universidad de Deusto.

Realiza unha mención especial da quinta convocatoria das axudas para o alumnado de grao e mestrado con circunstancias económicas ou familiares especiais que lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos no curso 2017/2018. Nesta convocatoria ás causas sobrevidas de todos os anos (falecemento, separación ou divorcio, recoñecemento legal de discapacidade ou situación de desemprego dalgún dos sustentadores principais, así como enfermidade grave dalgún membro familiar ou algunha outra circunstancia que sitúe a renda familiar en niveis que conleven risco de exclusión social) ampliouse a tres novas modalidades: vítimas de violencia de xénero afectadas polos cambios no decreto de prezos públicos; bolseiras e bolseiros do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

(MECD) que a raíz da modificación Wert teñen que pagar as materias en 2ª e posteriores matrículas e estudantes que quedan sen bolsa do Ministerio non cumprir os requisitos académicos por causa xustificada.

Da traslado tamén do anuncio realizado polo presidente de Goberno na reunión de Universia, vaise proceder a aprobar o cambio á nota de 5, como era previamente, para a concesión das bolsas do Ministerio xa que corresponden a axudas ao estudo, co que se elimina case na súa totalidade o decreto Wert.

Prosegue informando do acto de investidura co Grao de Doutor Honoris Causa da profesora María Inmaculada Paz Andrade, o día 2 de maio, como fora concedido polo Consello de Goberno na pasada sesión de marzo, xunto coa doutora Jacquelyn Campbell, que recibirá esta distinción o próximo mes de Xuño.

A continuación da conta do IV Encontro Internacional de Reitores de Universia en Salamanca, no que nace a carta ou declaración de Salamanca, no que se avanza cara a adaptación do ensino universitario á realidade dixital, e da presentación realizada polo reitor no consello de administración do informe final do estudo sobre a potenciación e prestixamento da transferencia do coñecemento nas universidades españolas, encargado pola CRUE. Destaca que o máis transcendente do informe se resume en seis puntos, que perfilan un concepto de transferencia máis inclusivo e aberto no que se inclúen todos os ámbitos, xa que non é transferencia de tecnoloxía, senón de coñecemento. En primeiro lugar, créase un tramo de complementos compatibles cos sexenios de investigación, como un novo xeito de recoñecer o traballo neste eido do PDI das universidades españolas. A raíz deste informe vaos asinar un convenio entre os ministerios de Educación e o de Economía e Competitividade e destaca o interese do ministro de Facenda, diante do que tivo a posibilidade de facer a presentación. En segundo lugar, refire que dúas comunidades autónomas, Euskadi e Galicia (no plan Ultraia), xa anunciaron a creación dos complementos retributivos económicos, de xeito que se sumará ao tramo de transferencia a nivel estatal. Os outros catro puntos teñen unha orientación máis institucional: plans específicos de impulso da transferencia de coñecemento, no que se inclúen aspectos que se engloban as veces en cultura, divulgación o actividades de extensión universitaria, moi ligados ao cumprimento de obxectivos de desenvolvemento sostible, ligados á axenda 2030.

Para finalizar o seu informe, o reitor quere agradecer a asistencia constante de todos os membros do Consello de Goberno, a súa confianza, comprensión e compromiso, a súa críticas e a súa lealdade institucional, así como o cariño que tivo ocasión de percibir o equipo de goberno.

### **3. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2017.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación quen realiza un resumo da conta anual facendo uso dunha presentación informática e comeza a aclarando que hai unhas pequenas modificación nas contas en relación co documento achegado aos membros do Consello, como consecuencia de que se está a realizar a presentación con máis de un mes de adianto con respecto ás datas habituais de 30 xuño e porque este ano houbo licitación do servizo de auditoría, polo que os auditores comezaron a traballar cun mes de retraso, polo que o período operativo para realizar a conta foi moi reducido, polo que ao final se produciron moi lixeiras modificacións que explicará o vicexerente económico. Destaca que no mes de febreiro, tal e como establece o Decreto 14/2012 de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, presentouse un resultado orzamentario cun superávit de 625.000 euros. Tras facer o recálculo orzamentario da prorrata do IVE, resulta un valor positivo de 1.275.758 euros, resultado do exercicio 2017 co que se pecha un ciclo de resultados económicos en equilibrio dende 2012. Manifesta o desexo de que esta sexa a senda continuar no futuro. Finaliza indicando que ao igual que nos anos anteriores o grao de execución do orzamento está por riba do 90%.

Cede a palabra ao vicexerente de Xestión Económica e Servizos Xerais para a presentación da conta de liquidación. Comeza coa evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo entre 2103 e 2017,

indicando que, con respecto ao exercicio anterior, no 2017 se produciu un incremento de 2,95% acadándose un orzamento de 175 millóns de euros. A recadación neta acada valores similares a de anos anteriores e a realización dos pagos case acada o 100%, polo que destaca o vicerexente que se recada todo o que se recoñece como dereitos e págase todo o que se recoñece como obriga.

Continúa detallando os documentos incluídos na conta anual do exercicio, así como o proceso de formulación e aprobación da devandita conta, que implica a aprobación en Consello de Goberno e Consello Social, e o posterior traslado, xunto co informe de auditoría, á Xunta de Galicia e o Tribunal de Contas antes do 30 de xuño de 2018.

Comeza a explicación do orzamento definitivo de Previsión de Ingresos e Gastos da UVigo, en necesario equilibrio, para pasar as Modificacións orzamentarias que no 2017 experimentaron un incremento debido a xeración de crédito e transferencia de crédito, froitos do cambio na organización, pero houbo unha redución no apartado de incorporación de remanentes. Da conta do resultado orzamentario final que achega un superávit de 1.275.758 euros e o resultado axustado da 7495.000 euros en positivo, calculados en base SEC, e que se refire a aqueles ingresos percibidos nun exercicio pero que orixinan gasto no posterior. Comenta tamén a Evolución do Orzamento de ingresos, cunha porcentaxe de execución do 97,72% en función do orzamento definitivo. En relación coa comparativa de ingresos, indica que o maior incremento corresponde ao capítulo 3 derivado da devolución do IVE dos anos 2009-2012; destaca na Evolución de orzamento de gastos a porcentaxe de execución do 90,81% con respecto dos créditos comprometidos, superior aos anos anteriores. Expón a comparativa dos gastos, sinalando o incremento do 4,73% con respecto ao exercicio anterior derivado do aumento nos gastos de persoal e das transferencias correntes.

A continuación da conta da contabilidade financeira, na que o orzamento da universidade acada os 66,5 millóns de euros, quedando como remanentes libres 38 894.000 euros e de fondos líquidos 41 millóns de euros, cifras superiores ao 2016. No Resultado económico patrimonial, pon de manifesto un leve descenso de 1.896.000 derivados das provisións financeiras realizadas este ano polo cambio da auditoría, provisión os riscos a longo prazo, de acordo cos criterios contables actuais.

O balance de situación demostra a boa situación económica da universidade de Vigo, cun activo e pasivo de 285 millóns de euros, superior ao do ano anterior, froito do superávit dos últimos exercicios. Prosegue informando do Estados de fluxos de efectivo indicando que os efectivos e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao final do exercicio acada os 41 millóns de euros, superior tamén ao exercicio 2017 debido á devolución do IVE, manténdose a estabilidade dos últimos exercicios

Finalizada a presentación, o vicerreitor de Economía e Planificación engade que coa documentación foi remitido o borrador do informe de auditoría, que polo que se sabe a día de hoxe, será a redacción definitiva, no que non existen excepcións, nin limitacións de alcance como os informes que se veñen presentando nos últimos anos.

Non hai ningunha intervención polo que se aproba por asentimento a conta de liquidación do orzamento do exercicio 2017 (**Anexo I**).

#### **4. Aprobación, se procede, de varias solicitudes de incorporación con cargo a remanente de libre disposición do exercicio 2017.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación que informa das solicitudes menores de incorporación con cargo a remanente, froito das datas de peche do exercicio como é habitual todos os anos, e ademais deixa constancia dun erro cometido na elaboración do orzamento, derivado da substitución do título propio de Deseño téxtil e moda, na Facultade de Belas Artes, que se transforma en máster. Ao elaborar o orzamento entendeu-se que desaparecía o título propio completo, cando tan só desaparece o primeiro curso, manténdose segundo e terceiro, e non se presupostaron os gastos derivados da docencia nestes cursos.

A continuación o vicerreente de Xestión Económica e Servizos Xerais presenta en detalle as solicitudes de incorporación de varios importes correspondentes ao cobro de facturas relacionadas cos contratos asinados en virtude do artigo 83 da LOU, incorporación derivada das reparacións na Facultade de Ciencias de Ourense por mor dun sinistro. Explica tamén as solicitudes derivadas dun congreso realizado na Facultade de Filoloxía en coordinación coa asociación de xoves lingüistas, da transformación dos estudos de Deseño téxtil e Moda e, finalmente, dos dereitos de superficie dos terreos da ETEA.

Non hai intervencións en relación con este punto. Apróbase por asentimento as solicitudes de incorporación con cargo a remanente de libre disposición (**Anexo II**).

#### **5. Aprobación, se procede, da normativa que regula a utilización de tarxetas de débito como medio de pago.**

Explica o Vicerreitor de economía e planificación que con esta normativa trátase de poñer en funcionamento un medio de pago que era demandado polo PDI, que permita realizar o pago en Congresos internacionais ou compras nas plataformas online, dado que os medios de pago que emprega a universidade non son compatibles con estas entidades.

Cede a palabra ao vicerreente de Xestión económica e Servizos xerais que explica que en coordinación co servizo de Contabilidade e o de Control Interno, analizáronse as distintas alternativas e redactando a presente normativa. Destaca que a tarxeta de débito virtual consiste nunha tarxeta non física que estará asociada á conta bancaria da Universidade de Vigo e que estará regulada palas mesmas medidas restritivas que as transferencias bancarias, é dicir que mantén o control das sinaturas mancomunadas. Deberá respectar os límites das contas de reposición e os límites da facturación electrónica e da nova lei de contratos. Resalta que se trata dun modo de pago excepcional para aqueles casos nos que o único medio de pago admitido polo terceiro sexa mediante tarxeta de débito / crédito.

Na rolda de intervencións a representante de alumnos, Paula Rivera, realiza indica que no artigo 2 se indica unha empresa de venta por internet, que non debería aparecer nunha normativa, polo que debería ser eliminado.

Concorda o reitor con que esa referencia debe ser eliminada. Apróbase a normativa por asentimento, con esa modificación (**Anexo III**).

#### **6. Aprobación, se procede, da/s prórroga/s de contrato de profesorado emérito.**

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, que presenta a solicitude de prórroga do contrato como profesor emérito do profesor Federico Vilas. Lembra que foi nomeado por resolución reitoral di 11 de marzo de e contratado como tal por un período de tres anos. O regulamento de profesorado que regula actualmente a figura de emérito contempla a posibilidade dunha prórroga adicional de dous anos. O profesor Vilas presenta o informe favorable do Departamento, a memoria do traballo a desenvolver é a continuación que leva realizando neste período. Esta solicitude recibiu o informe favorable da COAP.

Informa a vicerreitora de que a COAP aprobou tamén a prórroga dos profesores Luis Espada Recarey e Victoria Carballo Calero aínda que, ao rexerse por un regulamento de profesorado anterior, non precisan a aprobación do Consello de Goberno.

Finaliza proponendo a aprobación desta solicitude e indicando que este ano non se presentaron solicitudes novas de profesorado emérito. Refire que o número deste profesorado é baixo na Universidade de Vigo e que, cando se elabore un novo regulamento trala publicación dos novos estatutos, deberá ser revisada esta figura que presenta diferenzas con respecto á de outras universidades.

Apróbase por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, da/s solicitude/s de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e Innovación.**

Cede o reitor a palabra novamente á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, que da conta das dúas solicitudes presentadas para tramitar unha excedencia pola Lei da Ciencia. Explica que esta lei prevé unha excedencia con reserva de posto por un período máximo de cinco anos para o profesorado que vaia a desenvolver determinadas funcións relacionadas coa investigación e dirección.

- A primeira das solicitudes corresponde á profesora Nuria González Prelcic, que se incorporará como Senior Research Scientist por un período de tres anos, no departamento de Electrical and Computer Engineering de UT Austin, Texas, que é a praza de maior nivel na escala investigadora sen funcións docentes. Indica que a solicitude está completa co informe do departamento. Explica que, aínda que non é imprescindible, é preferible que a solicitude veña acompañada por un convenio entre ambas institucións, que nestes momentos está a punto de asinarse. A profesora solicita que sexa efectiva dende o 1 de Xuño

- Presenta a segunda solicitude do profesor Ángel Barajas, explicando que é un profesor CD que na actualidade se atopa na Universidade de San Petesburgo en condición de suspensión de contrato que foi aprobada o ano pasado no Consello de Goberno e que é o equivalente de comisión de servizo para o persoal funcionario. Ao igual que neste caso, o período máximo é de 2 anos. Indica que no ano que o profesor Barajas leva en Rusia realizou tarefas directivas, xa que ten un importante proxecto de investigación concedido polo goberno ruso, e agora cumpre as condicións desta figura da Lei da Ciencia en esta figura, polo que solicita esta excedencia a partir do inicio do curso próximo, data na finaliza a suspensión de contrato. Ten todos os documentos en regla e se está tramitando un convenio coa Universidade de San Petersburgo.

Lembra a vicerreitora que ambos profesores deben comprometerse a manter a autoría da Universidade de Vigo en toda a produción que resulte deste período, xa que teñen reserva de praza na mesma e engade que ambas contan co informe favorable da COAP.

Non hai intervencións. Apróbanse ambas solicitudes de excedencia en función da lei da Ciencia por asentimento.

**8. Aprobación, se procede, da data na que se debe computar a condición de profesorado contratado doutor para a selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular de universidade no ano 2017.**

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado explica que se cometeu un erro no relativo á data na que as persoas participantes tiñan que ter a condición de profesorado contratado doutor en dous documentos, o “Procedemento e criterios para a selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular de universidade no ano 2017” e os “Criterios para a elaboración da oferta de emprego público de PDI da Universidade de Vigo para o ano 2017”, de xeito que entre eles resultan contraditorios.

No primeiro deles especificase que para sete das prazas de TU “Para esta convocatoria, só se considerarán as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2016 tivese a condición de profesorado contratado doutor”, mentres que no segundo se indica que as “7 prazas de PTU a convocar entre as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2015 tivese a condición de profesorado contratado doutor”.

Explica que, á vista da incoherencia detectada entre os documentos, suspendeuse a convocatoria e, segundo o criterio da Asesoría Xurídica Tratándose dun erro AX debe ser o Consello de Goberno o que acorde a data correcta dese requisito. A proposta que se presenta é que se aprobe a data sexa o 31 de decembro de 2016, xa que nas OPE de todos os anos se esixe a condición a 31 de decembro do ano

anterior e, engade a vicerreitora, trátase dunha data máis inclusiva que a anterior e permitirá continuar coa convocatoria.

Apróbase por asentimento.

**9. Aprobación, se procede, do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia –SUG- sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG, Curso 2018-2019.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes. Expón que o texto do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia (SUG) sobre os procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grado que se somete hoxe a aprobación, é o mesmo que aprobou o Consello de Goberno para o curso 2017-18 pero con carácter provisional, á espera da nova lei de educación resultante do pacto de estado que regulase, de xeito diferente ao proposto no decreto Wert, o acceso e admisión ao sistema universitario.

Como a nova lei aínda está a ser negociada, compre renovar este acordo para o curso 2018-19 cun único cambio con respecto ao anterior, continúa a vicerreitora. Dito cambio é relativo ao alumnado ao que fai referencia a disposición transitoria única da orde do ministerio 1941/2016 de 22 de decembro que eximía a dito alumnado de ter que realizar e superar as probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, ABAU, pero só para o curso 2017-2018. Solicítase a aprobación de dito texto coas modificacións indicadas.

Non hai intervencións neste punto. Apróbase por asentimento (**Anexo IV**).

**10. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por Luis Miguel Muleiro Parada contra o acordo do Consello de Goberno de 21 de marzo de 2018 sobre selección de áreas de coñecemento para concorrer a prazas de profesor titular de universidade de 2017.**

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen realiza un resumo dos documentos achegados aos membros do Consello de Goberno. Explica que na sesión do Consello de Goberno de data de 21 de marzo de 2018 aprobouse o procedemento e criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular de universidade no ano 2017. O 20 de abril de 2018 o profesor Muleiro interpón recurso contra dito acordo solicitando:

- 1.- Que se suspendan cautelarmente e que se anule dito acordo de 21 no que se refire ao procedemento para participar na selección de áreas de coñecemento que poidan participar na convocatoria.
- 2.- Que se aproben novos criterios para a elaboración da oferta de emprego público do PDI para 2017 únicos e axustados a dereito e que teñan en conta a antigüidade en relación co desempeño das funcións docentes e/ou as datas de acreditación.
- 3.- E que se modifiquen os criterios e a Oferta pública, e se desenvolva unha normativa que estableza un sistema que permita coñecer as posibilidades de promoción profesional do PDI.

En relación con estas dous últimas solicitudes presenta unha serie de alegacións que xa foron presentadas en anteriores recursos, concretamente os presentados profesor Muleiro Parada contra os acordos do Consello de Goberno de 9 de outubro de 2017 relativos aos criterios para a elaboración da oferta pública de emprego do Persoal docente e investigador e os do 22 de novembro no que se aprobou dita oferta de emprego público, ambos foron desestimados mediante as Resolucións Reitorais de 12 de febreiro e de 23 de marzo de 2018 respectivamente. Polo tanto, explica a secretaria xeral, procede desestimar estes fundamentos, por seren reprodución do xa resolto e debemos limitarnos ao exame das alegacións relativas ao procedemento e criterios de selección de áreas de coñecemento.

A este respecto, continúa, o recorrente alega discrepancia na data na que se debe computar a condición de profesorado contratado doutor para a selección de áreas de coñecemento para participar na

convocatoria de prazas de profesorado titular de universidade nos criterios para a elaboración da oferta de emprego público do PDI para o ano 2017 (Consello de Goberno de 9 de outubro de 2017) e no procedemento e criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular (Consello de Goberno 21 de marzo de 2018).

A este respecto, con data de 7 de maio de 2018 a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado un emitiu un informe no que se recolle que dita discrepancia é debida a un erro de transcripción nos documentos, polo que o día 4 de maio foi ditada unha resolución reitoral na que se resolvía suspender temporalmente o procedemento para a selección de áreas de coñecemento ata que o Consello de Goberno aprobara a data correcta na que debe computarse a situación das persoas participantes, como vimos de facer no punto 8 da presente sesión.

Tratándose dun erro de transcripción, pode procederse ao amparo do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece: "Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos".

En canto a alegación formulada polo recorrente da falta de consideración do criterio de antigüidade no procedemento de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular de Universidade do ano 2017. A Universidade de Vigo, no exercicio da súa potestade, de autoorganización fixa uns criterios de selección de áreas relacionados coa carga docente e, dado que o ordenamento xurídico non esixe a aplicación directa do criterio de antigüidade, deben considerarse válidos.

En base ao exposto, unha vez rectificado o erro de transcripción realizado nesta sesión do Consello de Goberno, propónse a desestimación do recurso por non apreciarse que conorra no procedemento e nos criterios de selección de áreas de coñecemento causa de nulidade ou anulabilidade ningunha.

Apróbase por asentimento.

#### **11. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Fernando Pérez Fontán e Francisco Javier Fraile Peláez contra o acordo de 21 de marzo de 2018 do Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions aprobando un procedemento de elaboración do Plan de Ordenación Docente.**

O reitor cede novamente a palabra a secretaria xeral que explica quer foron invitados a participar, como é habitual os recorrentes, que non acudiron á sesión, así como a directora do Departamento, que si está presente. A secretaria xeral expón os antecedentes deste caso, lembrando que na sesión ordinaria do Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions de data de 21 de marzo de 2018, no punto 4 da orde do día, tratouse a "Discusión e aprobación, se procede, do procedemento de asignación de docencia de Grao encargada ao Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions". Segundo consta na acta, este procedemento foi aprobado por 17 votos a favor, 1 en contra e 2 abstencións. O recurso de alzada que se trata neste punto foi presentado por Fernando Pérez Fontán e Francisco Javier Fraile Peláez con data de rexistro de entrada de 10 de abril de 2018.

Engade que no preámbulo do procedemento de asignación de docencia aprobado polo Departamento de Teoría do sinal e Comunicacions fundaméntase o procedemento aprobado e, a maiores, no informe emitido pola Directora do Departamento de Teoría do sinal e comunicacions sobre o procedemento de elaboración do POD, recibido o 7 de maio de 2018, dáse resposta motivada e detallada a todas as cuestións alegadas polos recorrentes.

No informe da Asesoría Xurídica se presentan dúas sentenzas aplicables neste caso, unha delas do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León do ano 2013, unha extensa sentenza na que, entre outros aspectos, pode destacarse un parágrafo que di textualmente "*el objetivo principal de la Universidad que es la mejor formación posible de sus alumnos, lo que determinará que se elija para*



*impartir cada asignatura al mejor, y que pueda impartirla en las mejores condiciones para una formación eficiente, y precisamente junto a criterios como categoría, jerarquía, antigüedad se deben incluir otros como equidad, formación de equipos docentes eficientes, la minimización del número de profesores por materia y grupo etc...”*

Na Sentenza do ano 2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia establécese que o principio de autonomía organizativa dos departamentos significa que o Consello poderá efectuar un reparto de materias segundo os acordos aos que podan chegar os seus membros en función das súas preferencias, utilizando parámetros como os da experiencia, categoría, etc., sempre que se acomoden aos principios de mérito e capacidade.

En base recollido nas anteditas sentenzas, conforme ás cales, entre outros aspectos se determina que categoría e antigüidade non teñen por que ser criterios únicos, na medida en que non se observan defectos formais de procedemento e que o Departamento de Teoría do Sinal incorpora a motivación do procedemento de asignación de docencia e explica razoadamente os criterios utilizados, propónse a desestimación do recurso presentado. Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

**12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o financiamento da agrupacións estratéxicas de investigación.**

Apróbanse por asentimento.

**13. Rogos e preguntas.**

Antes de iniciar este punto o reitor reitera as felicitacións ao novo reitor electo e ao seu equipo, e lle transmite os parabéns do Consello de Goberno cos mellores desexos de éxitos para o seu mandato.

Intervén en primeiro lugar o profesor Álvarez Villamarín manifestando o seu agradecemento ao reitor e ao equipo polo traballo feito nos dous mandatos, facéndoo extensivo aos que non están presentes. Fai extensiva a súa felicitación tamén aos membros da estrutura de goberno, directores de área, etc. que, sendo unha estrutura raquítica de acordo coa necesidade de aforro nunha época de restricións, asumiron, na súa opinión, un traballo difícil, escuro e incomprendido. E foi asumido con unha intensidade e dedicación digna de ser recoñecida, opinión que é compartida con outros membros da comunidade. Lembra que no período 2009-2014 a universidade perdeu o 14% dos seus ingresos anuais, e houbo que facer fronte a ameazas a través de burofaxes, a límites sobrevidos e, as veces, contraditorios incluso. Recoñece que logrouse saír de esa situación dun xeito máis exitoso do que podería agardarse, e engade que este equipo reducido de goberno foi quen de formular retos e iniciativas que, na súa opinión, aínda non están valoradas pola comunidade, e mesmo afrontou temas como a nova RPT que non fora asumida en dezaseis anos.

Toma a palabra a continuación o profesor Bienvenido Diez, quen menciona estes oito anos de combate nos que se podía ter obtido máis pero tamén menos. Indica que as contas quedan en bo estado e desexa ao novo equipo acerto, coraxe e sorte. A continuación, lembra que o día 25 de maio comeza a aplicarse o Regulamento Xeral de Protección de Datos, e pregunta se xa foi designado o Delegado de Protección de Datos, para evitar a sanción con multas de elevada contía. Subliña que este regulamento non necesita transposición á normativa propia dos estados e é de aplicación tanto a empresa privada como á administración pública. Engade que unha delegada sindical que xa presentou unha queixa diante de Secretaría Xeral.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen indica que se recibiu a queixa da delegada sindical onte, hoxe foi aceptada e responderase en breve e explica que as tres universidades do SUG acordaron a posibilidade de consorciar a figura do DPD, posibilidade contemplada no regulamento. Este acordo estaba previsto desenvolverse no marco do Consorcio interuniversitario de Galicia, que levamos case

dous anos negociando coa Xunta para a súa constitución, pero que está a sufrir un moi importante retraso. Dado este retraso, os representantes das tres universidades pensabamos consorcialo a través dun convenio específico. A entrada dos novos equipos das universidades da USC e da UVigo, introduce tamén un cambio nesta liña, explica a secretaria xeral que nunha xuntanza co secretario xeral entrante da UVigo, no que lle expuxo esta liña de actuación, amosou o seu acordo con esta vía. Pero non acontece así na USC, que na reunión previa mantida entre a secretaria xeral saínte e a entrante non acadaron un acordo e, parece que vai ser tratado no próximo consello de Goberno o xoves da semana que vén. Dá conta dunha conversa mantida hoxe mesmo co secretario xeral da Universidade da Coruña na que reiterouse o interese do consorcio entre ambas universidades, pero diante desta nova situación, acordouse realizar un contrato menor de xeito temporal cun gabinete externo. Explica que a UdC dispón dun gabinete que xa a aconsella nos temas de protección de datos que pode ofrecer este servizo. A UVigo conta de xeito puntual coa asesoría dunha empresa pero debe valorarse se é a máis axeitada, en caso de que non se estime adecuada, derivarase ao mesmo gabinete que a UdC, incluíndo ademais do servizo de DPD, cursos de formación a PDI e PAS e a elaboración dun mapa de riscos. Reitera a secretaria que é unha situación temporal xa que o obxectivo é que nun prazo o máis breve posible, poida consorciarse esta figura, polo que realizar o contrato co mesmo gabinete da USC pode supoñer unha vantaxe ao dar os primeiros pasos en conxunto. Engade que esta actuación conxunta entre as tres universidades se está levando a cabo non só no relativo á protección de datos, senón tamén noutras liñas de traballo, como a xestión de arquivos. Tranquiliza tamén ao Consello de Goberno no sentido de que tanto dende o Ministerio e dende a CRUE transmitiuse a mensaxe de que Europa non sancionará ás administracións públicas na primeira etapa de implantación.

O reitor aclara que o próximo luns se vai constituír o novo consorcio interuniversitario de Galicia, acto no que estarán presentes os reitores electos. Destaca a importancia deste consorcio para poder abordar estas actuacións conxuntas. Pero de todos xeitos, cubrirase o requirimento de DPD a través de esa externalización temporal, de acordo coa Universidade da Coruña.

Intervén Paula Rivera para expoñer que na súa opinión hai persoas con formación axeitada na nosa universidade, expertos en ciberseguridade, do que mesmo hai un máster. Non ve necesaria a busca dunha empresa externa para cubrir este posto.

A secretaria xeral aclara que a Lei de Protección de Datos define a figura de responsable do tratamento de datos, figura que consideramos debe pertencer á universidade, pero a figura de Delegado ou Delegada de Protección de datos definida no RGPD é unha figura máis complexa e de maior nivel. Se ben non ten requisitos específicos, é dicir, non é necesario que sexa de dereito, pero debe coñecer a fondo as Leis e Normativas; non é necesario que sexa informático, pero debe coñecer a fondo os procedementos e o funcionamento dos sistemas. Será a figura que deba manter o contacto coa autoridade de control, o que supervise as auditorías, supervise os procedementos e as políticas do responsable en materia de protección de datos persoais, por elo a complexidade de elección é maior, de xeito que moitas universidades están orientándose neste primeiro momento á consorciar ou a externalizar a figura.

Reitera o reitor que a persoa responsable do tratamento será interno, e o DPD intentarase mancomunar entre as tres universidades, pola complexidade antedita, pero por suposto buscarase dentro da nosa universidade persoas co perfil axeitado, e completando a formación necesaria. Pero que non se trata dun tema de ciberseguridade.

Toma a palabra Bettiana Hidalgo, quen manifesta o seu agradecemento ao equipo e, especialmente, aos seu compañeiros e compañeiras, no seu último CG como representante. A continuación formula unha cuestión relativa á instalación de colmeas de abellas no campus, para a realización dunha serie de experimentos, nunha localización próxima a un camiño moi empregado por persoas e mesmo animais. Considera que se trata de animais que poden causar problemas de picaduras que poden ser graves en casos de alerxia e non é suficiente con poñer un valado na zona. Insiste en que a localización non é axeitada xa que están nunha zona na que se realizan prácticas de campo e o desprazamento do estudantado a outra zona, tal como os teñen informado, requiriría a contratación dun elevado número de autobuses. Indica tamén que nesta investigación, as abellas atraerán ás avespas asiáticas, que

revisten moito máis perigo. Pregunta ao respecto da adecuación do campus para realizar esta experimentación.

O reitor responde que existe preocupación por falta de información. A localización das colmeas está a ser valorada pola OMA. Explica que a estación experimental está vencellada a un convenio coa Deputación de Pontevedra para investigar sobre unha posible solución á invasión da avespa velutina, para buscar a mellor actuación sobre as especies invasoras. Indica que debemos dar resposta ás reclamacións pola localización concreta da estación, e estamos pendentes do informe da OMA. Pero fai fincapé na importancia que ten a loita contra das avespas invasoras que xa están no noso entorno e xa están a acabar coas abellas que existen na nosa comunidade e a importancia dos estudos que a través destas estacións de control buscan acabar con este problema.

A continuación Luis Pérez indica que vai intervir a título persoal. Súmase ao exposto polo profesor Álvarez Villamarín, concordando en que estivemos no medio dunha tormenta, aínda que moitos membros da comunidade non foron conscientes da situación. Considera que nestes oito anos viuse unha situación moi difícil e que en moitas situacións coincidiu cos criterios do equipo de goberno, e noutras discrepou fortemente e así o manifestou. Expresa que nos debates pódese ter razón ou non, pero sempre defendeu a institución, entendendo que os inimigos eran externos, con imposicións ideolóxicas e limitacións económicas. Desexa manifestar que, nestas circunstancias difíciles, se levou a cabo unha boa xestión e agradece o traballo realizado polo equipo de goberno a pesar das discrepancias destes anos.

Finalmente, intervén o presidente do Consello Social, quen agradece o espírito de colaboración e a sintonía ao longo destes anos do equipo de goberno co Consello Social e felicita ao equipo de goberno polo seu traballo, en especial ao reitor. Expresa tamén os seus desexos de éxito ao reitor electo na súa andaina e ofrecer a colaboración do Consello Social no desenvolvemento da súa labor.

O reitor agradece a participación de todos ao longo dos oito anos e dá por finalizada a sesión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:10 h do día 23 de maio de 2018, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

Gloria M. Pena Uris